

Proxecto:	Parque Eólico Serra da Piñeira
Documentos:	Estudo de Impacto Ambiental -EIA- (Diciembre 2021) e Proxecto de Interese Autonómico -PIA- (Marzo 2022)
Localización:	Becerreá, Baralla e Láncara (Lugo)
Promotor :	Enel Green Power España S.L.
Remitente:	Servizo de Enerxía e Minas. Xefatura Territorial de Lugo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación
S/clave:	IN408A/2020/081
Data rexistro:	14.10.2022
Expediente:	03.I.662 2022.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA3173/2020 (Servizo de Arquitectura)

O 14.10.2022 entrou no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial en Lugo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación no que se solicita que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (en diante, DXPC) emita o correspondente informe sectorial sobre os documentos sinalados na cabeceira de referencia, de acordo co artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013).

Para iso achégase o enlace para descargar os documentos titulados Estudo de Impacto Ambiental Parque Eólico Serra da Piñeira nos termos municipais de Becerreá, Barrala e Láncara (Lugo) e Proxecto Sectorial, e mais un arquivo en formato shapefile coa representación gráfica do parque eólico.

ANTECEDENTES:

O 27.10.2020 a DXPC autorizara a arqueóloga M^a José Bóveda Fernández para realizar a Prospección Arqueolóxica para Avaliación de Impacto Arqueolóxico do Parque Eólico Serra de Piñeira (Becerreá, Baralla e Láncara, Lugo) -cód.CT 102A 2020/887-0-.

O 17.02.2021 a DXPC emitiu un informe de Consulta para a elaboración do documento de alcance do Estudo de Impacto Ambiental do proxecto do Parque Eólico Serra de Piñeira, no que se indicara que para unha correcta conservación e protección do patrimonio cultural, é necesario que o Estudo de Impacto Ambiental incorpore unha avaliación do impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural, para o que se terá en conta as seguintes consideracións:

- Respetaranse os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural, que deberán quedar libres de obra nova relacionada co parque eólico e a súa liña de evacuación.
- Incluírse planimetría na escala axeitada na que se reflectan todos os elementos do proxecto (accesos e vieiros interiores, aeroxeradores, movementos de terras, zonas de amoreamento de materiais, campamento de obra e punto limpo, zonas de montaxe de grúas de celosía, gabias de cableado, subestación transformadora 30/220 kV, torre meteorolóxica, etc).
- Deberase realizar unha prospección arqueolóxica de todo o ámbito afectado polo proxecto do parque eólico a súa liña eléctrica de evacuación de enerxía e os seus accesos ata a conexión coas estradas da rede viaria provincial. Esta intervención deberá ser levada a cabo por arqueólogas/os competentes autorizadas/os por esta Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, tal e como se establece na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
- En relación co trazado dos accesos desde as estradas principais, prestarase especial interese aos elementos existentes nos núcleos polos que se pretenda atravesar. Terase especial consideración cos elementos de interese etnográfico ao borde dos camiños, como hórreos ou cruceiros, e os valados e muros de pedra feitos coa técnica tradicional de construción de pedra en seco, incluída no Censo do patrimonio cultural de Galicia como manifestación do patrimonio cultural inmaterial



pola resolución da DXPC do día 31.08.2016 (DOG núm. 186 do 29.09.2016) e tamén incluída na Lista Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade desde 2018.

- Así mesmo, identificaranse os camiños tradicionais ou empedrados existentes nos montes onde se pretende instalar o parque eólico, que non poderán verse afectados polas infraestruturas e quedarán libres de obra nova relacionada co parque eólico e a súa liña de evacuación.
- Consultaranse os catálogos das figuras de planeamento en vigor dos concellos afectados polo proxecto, dos arquivos existentes na Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e do Plan Básico Autonómico de Galicia.
- Delimitaranse os bens do patrimonio cultural e as súas áreas de protección, baseándose no traballo de campo, en planimetría de detalle, en fotografía aérea e, no seu caso, en cartografía catastral. Estas áreas deberán axustarse ao previsto na normativa urbanística vixente nos concellos afectados e subsidiariamente ao disposto no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016).
- A avaliación do impacto do proxecto deberá contar cunha ficha individualizada de cada elemento na que se fará constar as especificacións técnicas e características construtivas da obra ou proxecto que ocasiona o impacto, cualificación do mesmo, e proposta de medidas protectoras e correctoras.
- A avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural completárase con análises de visuais do impacto sobre os bens: O Castro/Os Castros (GA27036014), Castro de Pontón/Castro de Méndez (GA27036009), Castro de Villameixe (GA27036052), Castro de Pol (GA27036008), Castrodello (GA27026029), igrexa de San Salvador de Piñeira (Baralla), e, especialmente, sobre o mosteiro de Santa María de Penamaior (Becerreá), con consideración de BIC. Estas análises incluírán infografías nas que se visualicen os bens en relación co parque eólico, co fin de descartar o posible impacto visual ou prever medidas correctoras en caso de que se producise. Recoméndase, en xeral, a realización destes análises de afección visual para os bens do patrimonio cultural próximos aos aeroxeradores, como sería o caso de conxuntos parroquiais, capelas ou outros elementos de singular valor cultural.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Lexislación aplicable en relación co patrimonio cultural:

- Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia. (DOG do 14.01.2021)
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (DOG do 19.02.2016)
- Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022).
- Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.(DOG núm. 126, do 04.07.2022)



Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado nos informes dos servizos técnicos:

Análise dos documentos:

Estudo de impacto ambiental (EsIA)

- O obxecto do proxecto é a construción dun parque eólico de 35 MW de potencia total, constará de seis aeroxeradores de plataforma SG170–6.0 MW con diferentes potencias unitarias, cinco aeroxeradores de 6,00 MW e un aeroxerador de 5,00 MW, con 170 m de diámetro de rotor e unha altura de buxa de 115 m, e a súa infraestrutura asociada: accesos e vieiros interiores, cimentacións, movementos de terras, zonas de amoreamento de materiais, drenaxes lonxitudinais e transversais, plataformas de montaxe, gabias de cableado, subestación transformadora 30/220 kV, edificio de control e torre meteorolóxica de 115 m de altura.
- A evacuación da enerxía eléctrica xerada polos aeroxeradores realizarase a través de liñas soterradas de media tensión (33kV) á SET "Serra de Piñeira", obxecto de proxecto, que se dimensionará para que sexa ampliable en previsión dunha potencial evacuación doutros parques da zona.
- O acceso ao parque eólico realizarase desde a estrada N-VI en dous puntos diferentes:
 - Desde a localidade de Baralla pola estrada CP-0506 ata Sixirei onde se toma un desvío á dereita para acceder aos aeroxeradores SP01, SP02, SP03 e SP04 e á SET.
 - Desde a localidade de Becerreá pola estrada LU-636 ata o Alto da Revolta onde se localizan os accesos aos aeroxeradores SP05 e SP06 e á torre meteorolóxica.
- No documento analízanse, ademais da alternativa 0 de non execución, dúas alternativas de deseño do parque eólico (1 e 2) con diferente número de aeroxeradores, 7 e 6 respectivamente, disposición similar dos vieiros na zona central do parque e a mesma localización da torre meteorolóxica. Selecciónase como máis favorable para o desenvolvemento do proxecto a alternativa 2, xa que segundo a valoración realizada polo equipo redactor resulta a máis favorable ambientalmente, incluso respecto do patrimonio cultural.
- En relación co patrimonio cultural, nos apartados 5. Inventario Ambiental, punto 5.8. Patrimonio cultural, etnográfico e industrial, relaciónanse os bens de interese cultural (BIC) situados nun radio de 20 km (un total de 16) e os elementos de Patrimonio Cultural Catalogados situados a menos de 5 km dos aeroxeradores (un total de 79 elementos do patrimonio cultural: 43 de carácter arqueolóxico e 36 de carácter arquitectónico). Asemade, faise referencia á prospección arqueolóxica realizada e recollida no anexo correspondente.
- O apartado 8. Caracterización e valoración de impactos, punto 8.2.12 Afección ao patrimonio cultural e arqueolóxico (fase de construción) e o apartado 9. Resumo de medidas preventivas, correctoras e compensatorias, punto 9.1.7 Patrimonio cultural e arqueolóxico (fase de construción), remiten ámbolos dous apartados, ao Anexo XII Estudo de impacto cultural.
- Como Anexo XII, achégase a Memoria Técnica do Estudo de Impacto Cultural, asinada en decembro de 2021 pola arqueóloga M^a José Bóveda da empresa Gabinete de Arqueoloxía e Patrimonio. Segundo este documento foron identificados dentro da poligonal do parque eólico un total de 24 elementos do patrimonio cultural (19 de carácter arqueolóxico e seis de carácter arquitectónico). A arqueóloga delimita tamén tres zonas de control tamén. Ademais de facer un estudo xeográfico e patrimonial da contorna do trazado das liñas previstas, explícase as fases do traballo:
 - Traballo de gabinete, onde se realizan traballos de documentación.
 - Traballo de campo, no que se explica que as prospeccións foron realizadas con diferente intensidade: unha prospección extensiva no ámbito de estudo definido pola poligonal do PE realizada co fin de verificar a localización, extensión, época e conservación dos xacementos rexistrados na DXPC e outros indicios; e unha prospección intensiva coa finalidade de localizar os xacementos visibles ou pouco visibles que se puideran



encontrar na zona de afección e no do ámbito dos 200 m ao redor das infraestruturas do proxecto.

- Procesado de información, coa redacción de informes e memorias.
- Nos apartados 8 e 9. Impacto arqueolóxico e Medidas correctoras afírmase que hai impacto sobre elementos arqueolóxicos situados nas proximidades da área de afección sendo necesaria a realización de tarefas de control e seguimento arqueolóxicos das obras, sobre todo en fase de replanteo e remoción de terras. As medidas correctoras propostas son de carácter xeral, tanto para o conxunto da obra como para os elementos patrimoniais.
- Na seguinte táboa resúmense os impactos arqueolóxicos identificados e avaliados e a proposta de medidas protectoras e correctoras específicas que se propoñen para cada un dos elementos identificados:

Elemento	Axente do impacto e xustificación	Impacto	Proposta de medidas correctoras específicas
Madorra de Montouto 3 (GA 27026040)	Acondicionamento da unión dun vieiro cun camiño existente: 150m ao NE.	Compatible	Mínimas: -Reflexo na planimetría da obra. Recomendadas: -Restrición do paso de maquinaria/vehículos pola pista que rodea ao túmulo polo leste.
Agro de Orxais (GA 27036050)	Gabia de cableado que une o sector N e S do PE: 140 m ao N-NW.	Moderado	Mínimas: -Reflexo na planimetría da obra. Recomendadas: -Control e seguimento arqueolóxico da apertura da gabia. -Creación dunha área de amortecemento maior que na reflectida no PBA.
Madorra de Montouto 1 (GA 27026037)	-Vieiro de acceso entre SP05 e SP06: 18 m ao NE. -Gabia de cableado: 30 m ao NE. -TM: 188 m NW. -Vieiro SP06 200 m ao SE.	Severo	Mínimas: -Reflexo na planimetría da obra. -Control e seguimento arqueolóxico. -Balizado estable. Recomendadas: -Prohibición de estacionamento e paso de maquinaria/vehículos pola pista que rodea ao túmulo polo N.



Túmulo de Monte Oucedo (GA 27036084)	-Gabia de cableado paralela a unha pista existente: 10 m ao E. -Plataforma de montaxe SP05: 50 m ao SE. -Pista modificada: 100 m ao S.	Crítico	Mínimas: -Reflexo na planimetría da obra. -Control arqueolóxico. Elemento-Balizado estable. -Prohibición do paso de maquinaria e vehículos polas pistas que rodean ao túmulo. Recomendadas: -Control da roza e das remocións de terra. Compensatorias: -Limpeza da vexetación do túmulo. -Rexistro arqueolóxico dos perfís previo acordo cos propietarios.
Zona de control de Campo da Filloa	Aeroxeradores SP03 e SP04, vieiros e gabias.	Compatible	Específicas: -Control da roza -Sondaxes valorativas para determinar a natureza das irregularidades.
Zona de control de Tarandón	-Gavia que une a parte N coa S. -Vieiro do SP04.	Compatible	Específicas: -Control e seguimento presencial de obras.
Zona de control de Pozo do Couso/Monte Ouzedo	-Aeroxerador SP05, plataforma, gabia e vieiro.	Compatible	Específicas: -Control da roza. -Control e seguimento presencial de obras

- Os elementos arquitectónicos son os seguintes: Casa-Torre de Piñeira, Igrexa parroquial de San Salvador de Piñeira, Igrexa parroquial de Santa Marta de Vilarpunteiro, Igrexa parroquial de San Pedro de Sixirei, Casa torre de Vilameixe e Casa reitoral de Sobrerriba. Pola distancia ás obras, a arqueóloga considera que non existe impacto, polo que soamente propón como medida correctora xeral a inclusión dos elementos xunto coas súas bandas de protección, na cartografía de obra.
- Como medidas correctoras de carácter xeral para as obras de construción do parque, a arqueóloga propón as seguintes:
 - Sinalización nos planos de obra de todo-os elementos patrimoniais existentes dentro da área de afección do proxecto construtivo e das súas bandas de protección legal.
 - Non se realizarán remocións nin amoreamentos non previstos en ningunha zona da obra sen consultar previamente co equipo arqueolóxico que leve a cabo os traballos de control patrimonial das obras. Calquera obra de reforma ou modificación de camiños ou viais non prevista no proxecto, deberá contar coa aprobación e supervisión deste equipo.
 - As obras de construción das plataformas, zapatas e resto de infraestruturas restrinxiranse ás áreas marcadas para tal fin, tal e como queda reflexado na planimetría.
 - Quedarán prohibido o tránsito e/o estacionamento de maquinaria fóra das áreas habilitadas a tal fin, especialmente no entorno dos bens patrimoniais recollidos neste documento e os seus respectivos ámbitos de protección.

Proxecto de interese autonómico (PIA)

- Redáctase co fin de ordenar, desde o punto de vista urbanístico e territorial, os terreos afectados pola implantación da infraestrutura do parque eólico Serra da Piñeira.



- No apartado 5. Normativa de aplicación, subapartado 5.2. Planeamento municipal, achégase a seguinte información:

Concello	Figura de planeamento	Data de aprobación
Becerreá	NN.SS.	28.04.1995
Baralla	NN.SS.	18.06.1986
Láncara	PXOM	22.02.2013

Táboa 3. Relación de concellos e figuras de planeamento.

- No apartado 6, Memoria justificativa, indícase que o interese deste PIA baséase que este PE sitúase dentro da área de desenvolvemento eólico (ADE) Serra da Lagoa.
- No Anexo I, Análise da Compatibilidade Estratéxica (ACE), apartado 1.4, Relación con los elementos territoriales estratégicos, punto 1.4.1, Paisaxe, patrimonio natural y cultural, sinálase que se levaron a cabo os pertinentes estudos arqueolóxicos e froito deles adecuáronse as infraestruturas do parque co obxectivo de minimizar a afección do PE.
- No Anexo I Análise da Compatibilidade Estratéxica (ACE), punto 1.4.1. Paisaxe, patrimonio natural e cultural, sinálase que se levaron a cabo os pertinentes estudos arqueolóxicos e froito deles adecuáronse as infraestruturas do parque, co obxectivo de minimizar a afección.

Unha vez analizados os documentos pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o planeamento municipal, o PBA e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, constátase que dentro da poligonal do parque eólico e no seu contorno hai elementos arqueolóxicos que poderían verse afectados polas obras de construción do PE Serra da Piñeira e e que se recollen e se valoran no Anexo XII do EsIA.
- Dos impactos arqueolóxicos identificados e valorados no devandito anexo cualifícanse catro como compatibles, un como moderado, un como severo e outro como crítico. Do impacto cualificado como crítico, salienta que a plataforma de montaxe da turbina eólica SP05 proxéctase a uns 50 m ao sueste do xacemento arqueolóxico do Túmulo de Monte Oucedo (GA 27036084), e tamén se proxecta modificar unha pista existente a 100 m ao sur para dar acceso. Trátase de obras de nova construción planificadas dentro do contorno de protección subsidiario (perímetro de 200 m) do devandito xacemento arqueolóxico. Tendo en conta o alcance das obras proxectadas, que levarían consigo un importante movemento de terras dentro do devandito contorno de protección, non se considera compatible coa protección do devandito ben arqueolóxico.
- Respecto do impacto cualificado como severo sobre o xacemento Madorra de Montouto 1 (GA 27026037), este xacemento está protexido no catálogo do PXOM de Láncara e delimitado especificamente no devandito planeamento. Ten contemplada unha protección integral Grao II-A e unha zona de respecto específica na que, segundo a normativa de protección do patrimonio arqueolóxico do PXOM, non se poden facer remocións de terra. A este respecto salienta que esta zona de respecto veríase afectada polas obras de acondicionamento do vieiro de acceso ao aeroxerador SP06 e pola gabiá de cableado. Por tanto, deberá garantirse que as obras de acondicionamento do devandito vieiro terán que cingirse ao ancho da caixa da vía existente sen realizar desmontes. Asemade a torre meteorolóxica e o vial de acceso a esta proxéctanse dentro da zona de respecto deste ben, polo que se considera necesario que se despracen fóra do contorno de protección.
- Respecto ao conxunto da necrópole tumular das Madorra de Montouto, constátase que a zona proxectada para realizar as obras de montaxe do aeroxerador SP06 -denominadas no plano de obra PG 04- sitúanse a 180 m ao N do límite da zona de respecto do túmulo núm. 3 (GA27026040), delimitada no PXOM de Láncara. Por tanto, se ben se constata que non hai



impacto, considerase oportuno completar as medidas protectoras para este conxunto coa restrición do paso de maquinaria e de vehículos especiais pola vía que pasa a rentes deste conxunto de túmulos.

- O estudo de impacto sobre o patrimonio cultural non tivo en conta a afección visual que a proximidade dos aeroxeradores pode orixinar sobre elementos patrimoniais situados no contorno das obras. Cómpre sinalar que son varios os elementos catalogados localizados na zona a menos de 1 km: (Casa-Torre de Piñeira, a 800 m do aeroxerador SP01, Igrexa parroquial de San Salvador de Piñeira, a 670 m do aeroxerador SP02, e Igrexa parroquial de San Pedro de Sixirei, a 760 m do aeroxerador SP04).
- Asemade, a apenas tres km localízase o Mosteiro Santa María de Penamaior, con consideración de ben de interese cultural (BIC). Se ben, dada a orografía do terreo e a análise da conca visual pódese descartar a visibilidade do parque eólico Serra da Piñeira desde o mosteiro.
- A DXPC emitiu un informe, o 17.02.2021, dentro do trámite de consultas de avaliación ambiental ordinaria, que o promotor non tivo en conta na redacción do estudo de impacto ambiental. No dito informe requiríase análise visual desde varios elementos do patrimonio cultural que se localizaban no contorno dos aeroxeradores do deseño inicial.
- O Anexo II Estudo de impacto e integración paisaxística, inclúe algunha simulación infográfica, case todas a máis de 10 km de distancia e ningunha desde os núcleos de poboación próximos e desde os elementos do patrimonio cultural.
- Respecto aos accesos ao parque eólico, se ben se especifica por onde serán, non se concretan as actuacións que será necesario realizar para acondicionar os accesos, polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural que poidan verse afectados polas actuacións necesarias para adecuar os accesos na fase de obras (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc).
- Cotexados os datos e a planimetría do EsIA (Decembro 2021) cos datos e planimetría do PIA, compróbase que non existen diferencias nas características do proxecto.

A DXPC dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME

En atención ao expresado nos apartados anteriores, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, estímase que a plataforma de montaxe da turbina eólica SP05 non é compatible coa protección e a conservación do xacemento arqueolóxico do Túmulo de Monte Oucedo (GA 27036084), e, por tanto, infórmase **desfavorablemente** a posición desta turbina e para ser viable deberá desprazarse fóra do contorno de protección deste ben (perímetro de 200 m).

Asemade, deberán desprazarse a torre de medición e o vial de acceso a esta fóra do contorno de protección do xacemento Madorra de Montouto 1 (GA 27026037), delimitado no PXOM de Láncara, e garantirse que as obras de acondicionamento do vieiro de acceso ao aeroxerador SP06 se cinguen ao ancho da caixa da vía existente, evitando realizar remocións de terras no contorno inmediato á área de protección integral do devandito ben.

O resto de infraestruturas deseñadas para este parque eólico si se consideran compatibles coa protección do patrimonio arqueolóxico coas medidas protectoras e correctoras indicadas no Anexo XII, Avaliación do impacto arqueolóxico, do EsIA, polo que se informan **favorablemente**, debendo ter en conta, asemade, as seguintes condicións e consideracións:

- Corrixir a información cartográfica que se ofrece no Plan Básico no anexo 3. Estudo de accesos co fin de evitar calquera erro e garantir ningunha modificación nos viarios e accesos ao PE e a súa infraestrutura eléctrica.



- Deberá completarse e corrixirse no estudo de EsIA, a avaliación do axente de impacto sobre a Madorra de Montouto 3 GA 27026040. Contémplase as obras de montaxe do aeroxerador SP06 - denominadas no plano de obra PG 04- a 180 m ao N da zona de respecto do xacemento. Os viais interiores bordean esta zona de respecto polo que non se poderán facer obras.
- Respecto ao xacemento Madorra de Montouto 1 GA 27026037, está incluído no catálogo do PXOM de Láncara, cunha protección integral Grao II A, así como unha zona de respecto específica que non foi contemplada no Estudo de Impacto Cultural. Esta zona de respecto vese afectada pola instalación da TM, a zona de acopio temporal, a gabia de cableado e o vieiro de acceso ao aeroxerador SP06. Como alternativa utilizar o vieiro que fai de linde ao entorno de protección do xacemento. Se busque una alternativa para o vieiro de acceso, TM e zona de acopio. O vieiro terá que ceñirse ao ancho existente. No se permite obra nova.
- Respecto ao xacemento Túmulo de Monte Oucedo GA 27036084, tal e como se reflexa no Estudo de Impacto cultural, a plataforma de montaxe do SP05 atópase a 50 m ao SL do xacemento así como a modificación dunha pista a 100 m ao S do mesmo, están planificadas dentro do entorno de protección do xacemento. As medidas correctoras específicas aportadas no estudo de impacto non se consideran suficientes para paliar o impacto polo que se propón un cambio de emprazamento das obras a realizar, fora do entorno de protección do xacemento.
- O Estudo de impacto sobre o patrimonio cultural debe completarse coa análise visual requirida no informe da DXPC do 17.02.2021:
 - O Castro/Os Castros (GA27036014), Castro de Pontón/Castro de Méndez (GA27036009), Castro de Villameixe (GA27036052), Castro de Pol (GA27036008), Castrodelo (GA27026029), igrexa de San Salvador de Piñeira (Baralla), e especialmente sobre o mosteiro de Santa María de Penamaior (Becerreá), con consideración de BIC. Estas análises incluírán infografías nas que se visualicen os bens en relación co parque eólico, co fin de descartar o posible impacto visual ou prever medidas correctoras en caso de que se producise. Recoméndase, en xeral, a realización destes análises de afección visual para os bens do patrimonio cultural próximos aos aeroxeradores, como sería o caso de conxuntos parroquiais, capelas ou outros elementos de singular valor cultural.

Tendo en conta que o deseño do parque eólico foi modificado respecto do reflectido no documento de inicio, esta análise realizarase para os elementos próximos aos aeroxeradores do deseño do EIA desde os que exista visibilidade. Como resultado desta análise estableceranse as oportunas medidas correctoras a executar na obra.

- Unha vez autorizado o proxecto de execución do parque eólico, os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997). Este proxecto contemplará as medidas protectoras e correctoras indicadas no Anexo XII do EsIA e as indicadas no presente informe.
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas. Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. Especialmente, tras a roza de vexetación revisarase polo miúdo as áreas de control indicadas no Anexo XII.
- No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación *in situ* dos mesmos, avaliarase o impacto das obras e estableceranse as medidas correctoras oportunas. Así mesmo, deberá comunicarse inmediatamente a DXPC.
- Calquera modificación do proxecto do parque eólico terá que ser informada pola DXPC.
- Os contornos de protección dos bens do patrimonio cultural deberán quedar libres de obra nova relacionada co parque eólico.



- A partir dos resultados das actuacións arqueolóxicas e do traballo de campo a DXPC, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.
- Por outra banda, con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc). Identificaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados e valorarase a posible afección aos elementos arqueolóxicos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.

Respecto ao PIA

- Deberá incorporar as modificacións que se produzan no deseño do parque eólico e reflectirse nas planimetrías correspondentes, para que haxa correspondencia entre todos os documentos: proxecto executivo, EslA e PS. Asemade deberá completarse co inventario dos bens identificados no estudo, todas as valoracións de impacto e a proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no EslA.
- Os contornos de protección dos bens serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, os establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.
- Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollerse a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos verificados e contrastados. Asemade deberá referirse ás normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
- Os concellos afectados deberán integrar os novos bens patrimoniais identificados nos seus catálogos urbanísticos de protección e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural (BIC) ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural, e, para iso, a entidade promotora ou os concellos deberán remitir o correspondente proxecto técnico previa concesión de licenza municipal urbanística.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua





Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

